

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
REALIZADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 13 de outubro de 2015

HORA DE COMEZO: 20:50 h.

HORA DE REMATE: 21:10 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias e D. Héitor Mera Herbello.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR  
REALIZADA O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 5 de outubro de 2015.

**URBANISMO E PATRIMONIO**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 8 DE OUTUBRO DE  
2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE  
OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 21.920.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.175.-** A F. B. R., outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

#### 2.A.2) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 24.106.-** Visto o expediente de solicitude de modificación da licenza de parcelación urbanística que promove J. M. L., con enderezo en San Cibrán, nº 10-Aldán, e que consiste nunha división en 4 parcelas netas: nº1 de 153,40 m<sup>2</sup>.; parcela nº2 de 363,88 m<sup>2</sup>.; parcela nº3 de 152,83 m<sup>2</sup>.; e parcela nº4 de 488,00 m<sup>2</sup>.; e tres predios de cesión ao vieiro: nº5 de 33,95 m<sup>2</sup>.: nº6 de 20,50 m<sup>2</sup>.; e nº7 de 14,12 m<sup>2</sup>.; procedentes de un predio matriz de 1.226,68 m<sup>2</sup>., sito en Covelo-Aldán.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta<sup>1</sup> de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Modificar a licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de maio de 2012 e reformado en febreiro de 2013, redactado polos enxeñeiros técnicos forestais, I. R. Q. e J. S. D.

Segundo.- Como consecuencia das aliñacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse á vía pública as parcelas nº5, nº6 e nº7.

Terceiro.- Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

#### 2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

**EXPEDIENTE Nº 25.277.-** O tramitado a instancia de J. C. H. S., para execución de canalización para a conexión de sumidoiros, acórdase declaralo caducado, de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 14 de novembro de 2014.

**EXPEDIENTE Nº 25.481.-** O tramitado a instancia de PESCADOS MARCELINO, para ampliación de cuberta en nave industrial en Peirao de Aldán-Cangas, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 15 de maio de 2015.

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

**EXPEDIENTE Nº 25.545.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", para na Avda. de Moaña, nº 31-Cangas, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.569.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", para na Serra de Nacente, nº 13-Darbo, executar unha canalización de 305,62 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de OITO MIL NOVECIENTOS CINCO EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (8.905,13 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.621.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", para en Rúa Real, nº 39- Cangas, executar unha canalización de 3,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (1.266,33 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.625.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", para en Praza do Arco, nº 7-Cangas, executar unha canalización de 2,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda

de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.638.-** A "GAS GALICIA S.D.G. S.A.", para en Rúa do Hío, nº 6- Cangas, executar unha canalización de 1,00 metro, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Deberán repoñerse as pedras enteiras, formando ringleiras competas co despece existente nestas e co mesmo acabado existente que debido a pendente que presenta é un granito con tratamento de flameado para evitar esvaramentos.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

**EXPEDIENTE Nº 25.678.-** A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", para en Gandón-Aldán, executar 6,00 metros de canalización de rede de baixa tensión,



de conformidade co proxecto SGD 248315020033, do 2 de setembro de 2015 e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de TRESCENTOS EUROS (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓN PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

#### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.552.- C. S. I., cerramento en Espiñeira, nº 10-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.554.- M. A. G., limpeza e encintado fachada en Eirado do Sinal, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.658.- "NAVIERA MAR DE ONS, S.L.", reparación e pintado fachadas en Aldea de Arriba, nº 5-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.661.- E. E. F., conservación de galpón en Enseñanza, nº 34-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.662.- Y. R. M., pintado fachadas exteriores na Devesa, nº 19-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.667.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS A FONTE, reparación fachada na Avda. de Bueu, nº 32-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.668.- COMUNIDADE PROPIETARIOS CASTELAO, impermeabilización fachada na Avda. de Vigo, nº 136-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.670.- L. P. M., reparación fachada en Balea, nº 31-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.672.- J. S. M., rampla de acceso e colocación plaqueta en semisoto en Rosada, nº 49B-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.673.- J. F. O., reparación cuberta en Donón, nº 63-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.674.- COMUNIDADE PROPIETARIOS CRISTO SEÑAL, impermeabilización fachada na Avda. Ozámiz, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.675.- COMUNIDADE PROPIETARIOS PLAZOLETA DE SAN XOAN, illamento e reparación fachada en Praciña de San Xoán, nº 4-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.681.- "IGLESIAS SALUD, S.L.U.", acondicionamento acabados interiores en Rúa Ferrol, nº 7-baixo-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.686.- X. P. B., cambio de tella e cubrición terraza exterior en Rúa Faixa, nº 60-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.689.- COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO COSTAL, reparación medianeira en Rúa Cervantes, nº 18-Cangas.

### ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.772.- T. G. M., lavandería autoservicio na Avda. de Bueu, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.819.- "NAVIERA MAR DE ONS, S.L.", almacén para repostos náuticos en Aldea de Arriba, nº 5-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 1.855.- "YUDISA, C.B.", cambio titularidade café-bar na Avda. de Bueu, nº 26-galerías-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.856.- "XOGUETERÍA RIAS BAIXAS, S.L.", cambio titularidade xoguetería na Avda. de Marín, nº 8-baixo-Cangas.

### **FACENDA**

#### **4º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **4.A) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, e de conformidade cos informes desfavorables da Tesourería Municipal, acorda denegar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
J. M. G. O.	AVAL	2.644,44 €	LICENZA DE OBRAS Nº 20.197

## **5º .- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

### 5.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 191/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:

- PO 305/2013.- SENTENZA 191/2015 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

- A persoa recorrente: C. P. P..

- Contido: estima o recurso contencioso-administrativo tramitado como P.O. Nº 305/2013, interposto pola representación procesal de M. C. P. P., contra a resolución do día 22 de agosto de 2013, adoptada polo Sr. alcalde-presidente do Concello de Cangas, no expediente de restauración da legalidade urbanística nº 8/2013, pola que se acorda a demolición do cerramento e a retirada do portal,..., e iniciar o correspondente expediente sancionador por infracción urbanística, anulando dita resolución e declarando a obrigação da entidade demandada de ditar nova resolución debidamente motivada, e todo iso, con imposición da costas á parte demandada e codemandada cun límite de 700 euros (gastos de defensa e representación).

- Cabe interpoñer recurso de apelación.

### 5.B) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA

Dáse conta de sentenza nº 188/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 505/2014, promovida polo Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 188/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, recaída no procedemento ordinario nº 505/2014, promovida polo Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

5.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DITADA POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS NA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 114/2011

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 13.10.15, referente a dilixencia de ordenación ditada polo Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas, na execución de títulos xudiciais 114/2011, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á DILIXENCIA DE ORDENACIÓN DITADA POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CANGAS NA EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 114/2011 (Proc. ordinario 300/2009) X-09/40*

*Vista a Dilixencia de Ordenación ditada o día 2.10.2015 polo Xulgado de Ia Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas no procedemento arriba indicado, pola cal se require a este concello 'do fin de que proceda a consignar as cantidades que restan por pagar e que ascenden á suma de DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (2.558,07 €) en concepto de custos e CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (4.533,34 €) de xuros aprobados por resolución do día 16.01.2015.'*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte*  
**ACORDO:**

Primeiro.- Tomar coñecemento da Dilixencia de Ordenación ditada o día 2.10.2015 polo Xulgado de Ia Instancia e Instrucción nº 1 de Cangas na execución de títulos xudiciais 114/2011 dimanante no procedemento ordinario nº 300/2009.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de DOUS MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (2.558,07 €), en concepto de custos, con cargo á aplicación 920.22604 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Recoñecer a obriga por importe de CATRO MIL CINCOCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (4.533,34 €) en concepto de xuros a favor de dona M. L. N. N., con cargo á aplicación 920.352 do vixente orzamento de gastos.

*Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería, co fin de que se realicen os trámites pertinentes e se proceda ao pagamento das cantidades recoñecidas na conta de depósitos e consignacións do xulgado."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente referente a dilixencia de ordenación do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Cangas, execución de títulos xudiciais nº 114/2011, polo procedemento ordinario nº 300/2009, executante M. L. N. N.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

#### 5.D) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA DITADA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL SECCIÓN Nº 3 DE PONTEVEDRA

Dáse conta de sentenza nº 452/2010 ditada pola Sección 3ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, recaída no recurso de apelación nº 378/2010 e procedemento ordinario nº 300/2009, promovida por M. L. N. N.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 452/2010 ditada pola Sección 3ª da Audiencia Provincial de Pontevedra, recaída no recurso de apelación nº 378/2010 e procedemento ordinario nº 300/2009, promovida por M. L. N. N.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

#### **MOCIDADE E VOLUNTARIADO**

#### **6º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ACTIVIDADE DE VOLUNTARIADO 2015**

Dáse conta de proposta do día 13.10.15 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para actividade de voluntariado-2015, que é como segue:

#### "PROPOSTA

*Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para desenvolver o proxecto de voluntariado xuvenil do Concello de Cangas-2015.*

Concedida a este concello unha axuda polo importe de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €), ao abeiro da Orde do 7 de abril de 2015 da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil para o ano 2015.

Vista a memoria asinada pola técnica de voluntariado, M. M. N. V., da actividade denominada 'Verán Cultural-2015', desenvolvida con cargo á subvención concedida na que se fai constar o orzamento total do gasto efectuado polo importe de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €).

Visto o informe da Intervención Municipal dos gastos realizados polos distintos conceptos e contías imputables á actuación subvencionada, ascendendo a un total de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €).

Propoño á Xunta de Goberno Local:

\* Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida da execución do proxecto de voluntariado, 'Verán cultural-2015', polo importe total de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) de conformidade co seguinte:

Primeiro.- Que o Orzamento total do proxecto de solicitude inicial foi de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €).

Segundo.- Que o importe total da subvención concedida ao abeiro desta orde pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €).

Terceiro.- Que os gastos total realizados aprobados e pagados ascenden a un total de DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €), segundo a seguinte desagregación:

\* Gastos de voluntariado MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS (1.680,00 €), aprobados por Resolución de Alcaldía o día 8/10/2015 e pagados mediante transferencia bancaria o día 13/10/2015:

-----  
-----  
1.- Z. C. N.                    DNI 77013460F                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
2.- N. B. V.                    DNI 21116618L                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
3.- A. L. G.                    DNI 39510980Q                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
4.- Á. R. V.                    DNI 77011267E                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
5.- R. G. C.                    DNI 77011937W                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
6.- E. I. P.                    DNI 36175710E                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
7.- A. A. F.                    DNI 39451806K                    40 xornadas x 6 euros = 240 euros  
-----  
-----

\* Seguro de Responsabilidade Civil con MAPFRE (contrato coa UTE WLLIS IBERIA BROKER U86408358) número de factura pagada mediante transferencia bancaria o día 26/03/2015, por un total de DEZASEIS MIL SEISCENTOS SETE

*EUROS CON UN CÉNTIMO (16.607,01 €) e un gasto imputable de DOUSCENTOS EUROS (200,00 €).*

*\* Gastos correntes pola preparación, xestión, coordinación do desenvolvemento do proxecto 'Verán Cultural-2015', por parte do persoal técnico da Oficina de Voluntariado, un gasto imputable de NOVECIENTOS VINTE EUROS (920,00 €) á nómina do mes de xullo, con data de recoñecemento da nómina do 28/07/2015 e data de pagamento do 28/07/2015, recoñecemento do gasto da Seguridade Social o 24/08/2015 e pagamento 31/08/2015 e recoñecemento do IRPF o día 14/08/2015.*

*Cuarto.- Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e que se relacionan anteriormente.*

*Quinto.- Que se deu cumprimento á finalidade para a que foi concedida, de conformidade coa memoria redactada pola técnica municipal.*

*Sexto.- Aprobar a memoria que se une a esta proposta como anexo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para actividade de voluntariado-2015.

## **7º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ACTIVIDADES XUVENÍS 2015**

Dáse conta de proposta do día 13.10.15 do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para actividades xuvenís-2015, que é como segue:

### "PROPOSTA

#### *APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA ACTIVIDADES XUVENÍS-2015*

*En relación coa solicitude formulada polo Concello de Cangas ao abeiro da Orde da Consellería de Traballo e Benestar do día 30 de marzo de 2015, pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede á súa convocatoria, a consellería resolve concederlle ao Concello de Cangas unha axuda polo importe de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS (21.850,00 €).*

*Vista a memoria e o informe da técnica de Xuventude, Mercedes Lorenzo Núñez, nos que fai constar as actividades realizadas, a realización dos gastos*

efectuados, por un importe total de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS (21.850,00 €), dando cumprimento á finalidade da subvención concedida, por un importe de VINTE E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA EUROS (21.850,00 €), CERTIFICO:

*Primeiro.- Que os gastos que a continuación se relacionan ascenden a un total de 21.850,00 euros e segundo o seguinte desagregación:*

<b>Nº factura Data e data</b>	<b>Provedor CIF pagamento</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe €</b>	<b>Aprobación por Resolución de Alcaldía e data</b>
2	PIAMAQUI SL B36828192	Directo Xove		
		-MusiCangas	6.665,00	08/10/2015
13/10/2015				
0302110156	Bilbao Innovation Group. B95281069	Grabación		
		proxecto fusión	888,14	10/04/2015
17/04/2015				
75	ARTIPLAN S.L. B36305605	Vales Cartas de Amor	75,00	30/03/2015
14/04/2015				
50	ARTIPLAN S.L. B36305605	Vales Cartas de Amor	50,00	30/03/2015
14/04/2015				
44	ARTIPLAN S.L. B36305605	Vales Cartas de Amor	40,00	30/03/2015
14/04/2015				
35	ARTIPLAN S.L. B36305605	Premio Cartas de Amor	165,00	30/03/2015
14/04/2015				
3624/334/0	EROSKI/VIAJES A48115638	Premios Cartas de Amor	239,70	10/04/2015
17/04/2015				



---

EF/2015-03 ASOCIACIÓN MEDRANDO Á PAR  
G94068459 Prestación monitor  
tempo libre campamentos  
de verán 865,20 16/09/2015  
25/09/2015

---

EF/2015/02 ASOCIACIÓN MEDRANDO Á PAR  
G94068459 Prestación monitor  
tempo libre campamentos  
de verán 865,20 16/09/2015  
25/09/2015

---

32/2015 MAREXADA  
B27739556 Servizos educativos campamentos  
de verán 2.358,04 04/08/2015  
17/08/2015

---

48/2015 MAREXADA  
B27739556 Servizos educativos campamentos  
de verán en Porto  
do Son 3.230,70 16/09/2015  
25/09/2015

---

6/15 CLUB NÁUTICO RODEIRA  
G36040756 Actividades campamentos  
de verán 1.600,00 04/08/2015  
13/08/2015

---

48/2015 Autobuses Cerqueiro S.L.  
B36169688 Campamento  
Bergondo 748,00 27/07/2015  
28/07/2015

---

J. C. S.  
44477643J Premio Salón Cómico 500,00 24/08/2015  
03/09/2015

---

B. M. F.  
53199867Q Premio Salón Cómico 200,00 24/08/2015  
03/09/2015

---

H. B. S.  
35589328W Premio Salón Cómico 100,00 24/08/2015  
03/09/2015

---

72 Pena Portela  
52494374W Pancarta información

		<i>xuvenil</i>	<i>242,00</i>	<i>29/04/2015</i>
<i>11/05/2015</i>				
<i>159</i>	<i>Artiplán B36305605</i>	<i>Material para Oficina de Xuventude</i>	<i>107,65</i>	<i>10/06/2015</i>
<i>11/06/2015</i>				
<i>01/26/15</i>	<i>S. D. G. 53115284G</i>	<i>Tóner para Oficina Xuventude</i>	<i>59,00</i>	<i>18/03/2015</i>
<i>30/03/2015</i>				
<i>Nómina do mes de xullo da técnica da Oficina</i>	<i>M. L. N. 36067183D</i>	<i>Por traballos de atención ao público, dirección e coordinación das actividades</i>	<i>2.322,92</i>	<i>28/07/2015</i>
<i>28/07/2015</i>				
<i>Nómina do mes de agosto da técnica da Oficina</i>	<i>M. L. N. 36067183D</i>	<i>Por traballos de atención ao público, dirección e coordinación das actividades</i>	<i>1.416,59</i>	<i>Recoñecemento nómina Pago</i>
<i>nómina</i>				<i>24/08/2015</i>
<i>24/08/2015</i>				

Segundo.- *Que se tomou razón na contabilidade dos gastos que se xustifican e se expresan na táboa anterior.*

Terceiro.- *Que se cumpriu coa finalidade da subvención concedida, de conformidade coa memoria redactada pola Técnica Municipal."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para actividades xuvenís-2015.

## **MEDIO AMBIENTE E TURISMO**

### **8º.- APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL NAS OFICINAS DE TURISMO DE CONCELLO DECLARADOS MUNICIPIOS TURÍSTICOS**

Dáse conta de proposta do día 13.10.15 da concelleira de Medio Ambiente e Turismo, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de dous/dúas traballadores/as para as oficinas de Turismo do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA

*APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS TRABALLADORES/AS PARA AS OFICINAS DE TURISMO DO CONCELLO DE CANGAS*

*En relación coa subvención concedida a este concello, polo importe de SETE MIL OITOCENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (7.805,91 €), para a contratación de dous/dúas traballadores/as polo período de tres meses e medio, ao abeiro da Resolución do 18 de decembro de 2014 da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2015.*

*Vistas as memorias redactadas polas traballadoras contratadas, R. S. S., e B. I. B. e a da técnica de Turismo Municipal, Cristina Padín Martínez, na que fai constar o traballo as diferentes liñas de traballo desenvolvidas polas técnicas contratadas e o cumprimento da finalidade da subvención concedida.*

*Visto o informe da Intervención Municipal dos gastos realizados, polos distintos conceptos e contías imputables á actuación subvencionada, ascendendo a un total de OITO MIL UN EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (8.001,84 €).*

*Propoño á Xunta de Goberno Local:*

*\* Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de dúas traballadoras polo importe total de OITO MIL UN EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (8.001,84 €), para o período de tres meses e medio, de conformidade co seguinte:*

*A) Que o orzamento total do proxecto de solicitude inicial foi de SETE MIL OITOCENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (7.805,91 €).*

*B) Que o importe total da subvención concedida ao abeiro desta orde pola Axencia de Turismo de Galicia é de SETE MIL OITOCENTOS CINCO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (7.805,91 €).*

*C) Que o Concello de Cangas, o día 15 de xullo de 2015 e con cargo á subvención concedida, contratou coa categoría de técnica en Turismo a Rut Solla Sampedro, e a Beatriz Iglesias Barreiro, rematando o servizo o día 30 de setembro de 2015.*

D) Que os gastos total realizados aprobados e pagados ascenden a un total de SETE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (7.451,64 €), quedando neste momento pendente de pagamento a Seguridade Social correspondente ao mes de setembro e que ascende a un total de CINCOCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (550,20 €) e que se tomou razón na contabilidade segundo o seguinte desagregación:

<b>Concepto</b>	<b>Xuño</b>	<b>Xullo</b>	<b>Agosto</b>	<b>Setembro</b>	<b>Total</b>
Nóminas de Rut Solla Sampedro 360,01 2.520,07	720,02	720,02	720,02		
Paga prorrateada 420,00	60,00	120,00	120,00	120,00	
Indemnización 98,00	-----	-----	-----	98,00	
Cotización S.S 962,85	137,55	275,10	275,10	275,10	
Nóminas de B. I. B. 360,01	720,02	720,02	720,02		2.520,07
Paga prorrateada 420,00	60,00	120,00	120,00	120,00	
Indemnización 98,00	-----	-----	-----	98,00	
Cotización S.S 962,85	137,55	275,10	275,10	275,10	
Suma Total 8.001,84	1.115,12	2.230,24	2.230,24	2.426,24	
Recoñecemento da obriga nómina	24/06/2015	28/07/2015	24/08/2015	25/09/2015	
Pago nómina	26/06/2015	28/07/2015	24/08/2015	25/09/2015	

<i>Aprobación S.S</i>	<i>28/07/2015</i>	<i>24/08/2015</i>	<i>25/09/2015</i>	
<i>Pago S.S.</i>	<i>31/07/2015</i>	<i>31/08/2015</i>	<i>30/09/2015</i>	
<i>IRPF pago</i>	<i>07/10/2015</i>	<i>06/08/2015</i>	<i>14/09/2015</i>	<i>07/10/2015</i>

*E) Que de conformidade co informe da técnica municipal, e que consta no expediente, deuse cumprimento á finalidade da axuda concedida para a cal foi concedida a subvención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Mocidade e Voluntariado, referente a aprobación de conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de dous/dúas traballadores/as para as oficinas de Turismo do Concello de Cangas.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN DE PRAZAS RESERVADAS PARA AUTORIZADOS CON TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE**

Dáse conta de informe emitido o día 1.10.15 pola Policía Local, referente a sinalización de prazas reservadas para autorizados con tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que di o seguinte:

*"Nº REX: 1645/15*

*ASUNTO: SINALIZACIÓN CON DEFICIENCIAS DAS PRAZAS RESERVADAS PARA AUTORIZADOS CON TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADES*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e A052032, por medio do presente, informan:*

*Que seguindo instrucións de xefatura os axentes proceden a comprobar as deficiencias no referente á sinalización das prazas reservadas para autorizados*

*con tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidades, detectándose que varias destas prazas reservadas están mal sinalizadas, e incluso falta sinalización vertical, polo que non poderían sancionarse.*

*Achégase ao presente informe relación de todos os estacionamentos reservados para persoas con discapacidade, pasándose a continuación informar das deficiencias detectadas nalgunha delas.*

*1.- AVDA. OURENSE - INSTITUTO DE RODEIRA. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*2.- LATERAL CONCELLO - OJEA. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*3.- R/VICENTI-FRONTE FARMACIA COLOMER. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*4.- AVENIDA DE BUEU, Nº 12. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*5.- AVENIDA DE BUEU, Nº 15. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*6.- AVENIDA DE VIGO, Nº 136. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*7.- AVENIDA DE GALICIA-XULGADOS. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*8.- R/ANDALUCÍA-FRONTE EDIFICIO XOIA. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*9.- R/PANCHO EIROA, Nº 5. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*10.- R/ENSEÑANZA-FRONTE COLEXIO. CAMBIAR POSICIONAMENTO DO SINAL. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*11.- AVDA. DE MARÍN, Nº 10. REDIMENSIONAR A PRAZA.*

*12.- AVENIDA DE GALICIA-PARKING. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*13.- R/FERROL, Nº 3. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REDIMENSIONAR ANCHO DE PRAZA.*

*14.- R/FERROL, Nº 1. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REDIMENSIONAR ANCHO DE PRAZA.*

*15.- R/GONDOMAR, Nº 7. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*16.- R/CANABÉS DE ABAIXO CON R/ATRANCO. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*17.- R/LONGÁN, Nº 36. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*18.- R/LONGÁN, Nº 8. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*19.- AVDA. OURENSE, Nº 7. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*20.- AVDA. MÉNDEZ NÚÑEZ, Nº 26. REPINTAR HORIZONTALMENTE.*

*21.- AVDA. OURENSE, Nº 98-INTERIOR. FALTA SINAL VERTICAL S-17.*

22.- PAVILLÓN DO GATAÑAL. FALTA SINAL VERTICAL S-17.

23.- R/O TOBAL-COLEXIO SAN ROQUE. FALTA SINAL VERTICAL S-17. REPINTAR HORIZONTALMENTE.

24.- AVDA. JOSÉ GRAÑA-CENTRO SAÚDE ALDÁN. REDIMENSIONAR ANCHO DA PRAZA."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local, e polo tanto, polo servizos correspondentes que se proceda á realización das sinalizacións indicadas.

**B) DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ORDE DE RETIRADA DE TERRAZA CON MESAS E CADEIRAS INSTALADA POR PARTE DE PROPIETARIA DO LOCAL "LA MEDIEVAL" EN ZONA PÚBLICA (XARDÍN MUNICIPAL)**

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 30.9.15, na que se lle ordena á propietaria do local "LA MEDIEVAL" a retirada da terraza que ten instalada en zona pública, e que é como segue:

*"RESOLUCION DE ALCALDÍA*

*Tendo coñecemento esta Alcaldía da instalación de unha terraza con mesas e cadeiras por parte do establecemento 'La Medieval', no xardín municipal da fachada posterior do sinalado local, sito en Rúa Real, núm. 58 de Cangas.*

*Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 6 de xullo de 2015, denegouse a autorización para a instalación da sinalada terraza a S. P. D.*

*Visto que, de conformidade co disposto no artigo 86.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas: 'O aproveitamento especial dos bens de dominio público, así como o seu uso privativo, cando a ocupación se efectúe unicamente con instalacións desmontables ou bens mobles, estarán suxeitos a autorización (...).'*

*Visto, así mesmo, que o artigo 77 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais, dispón que o uso común especial normal dos bens de dominio público suxeitarase a licenza.*

*Visto que o artigo 3 apartado 1 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública literalmente di: ' A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal.'*

*Visto que o artigo 21 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública tipifica como infracción grave: 'A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.'*

*Considerando que a persoa que pode resultar responsable é S. P. D.*

*Examinada a documentación que a achega, e de conformidade co establecido no artigo 10 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en relación co artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Ordenar á Sra. S. P. D., á retirada no prazo de 1 día da terraza instalada no xardín municipal da fachada posterior do local 'La Medieval', sito en Rúa Real, núm. 58 de Cangas, sen ter obtido a oportuna autorización.*

*SEGUNDO.- Que polo departamento de Xestión de Ingresos, se emita a correspondente liquidación pola ocupación de vía pública coa instalación de plataforma con mesas e cadeiras, por parte da propietaria do bar 'La Medieval'.*

*TERCEIRO.- Notificar esta resolución á interesada, advertindo que, en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a costa do obrigado e que se incoará o correspondente expediente sancionador por infracción administrativa grave en materia de instalación de terrazas na vía pública, o cal poderá conlevar una sanción de entre 601 a 1.200 euros."*

Visto, así mesmo, que o día 6.10.15, a Sra. Pérez Diéguez presenta un escrito no que solicita ampliación de días para a retirada da terraza instalada ilegalmente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

*PRIMEIRO.- Ratificar integramente a Resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, e polo tanto, non procede a alegación presentada pola Sra. P. D.*

*SEGUNDO.- Que por parte da Policía Local se vixie o cumprimento da resolución transcrita.*

*TERCEIRO.- Que polo Servizo de Xestión de Ingresos se proceda á realizar a correspondente liquidación pola ocupación de vía pública realizada pola Sra. P. D.*

**C) SOLICITUDE DE "TACER, C.B." S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS**



Vista a solicitude presentada o día 13.10.15 por TACER, C.B., na que se indica que como administrador da cervexería "LOMBOK" e con motivo da celebración da festa "OCTOBER FEST", solicita a zona de carga e descarga sita enfronte do local para a ampliación da terraza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda denegar a solicitude realizada por TACER, C.B., para ocupación de vía pública, por xa ter destinado o uso, a zona en cuestión, para a carga e descarga.

#### **D) SOLICITUDE DE LAURA VERDE CURRA PARA INSTALACIÓN DE CARPA EN VÍA PÚBLICA**

Visto o escrito presentado o día 9.10.15 por L. V. C., no que demanda autorización municipal para instalación de carpa no espazo de vía pública enfronte do local "A PARROCHA", sito en Rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, para o día 17 de outubro do ano que andamos, por motivo de celebración de casamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda aprobar a solicitude realizada por L. V. C., para instalación de carpa no espazo de vía pública enfronte do local "A PARROCHA", sito en Rúa Benigno Soage, nº 3-Cangas, para o día 17 de outubro de 2015, que deberá contar a instalación da carpa coa máxima seguridade e garantindo, así mesmo, o paso de peóns pola referida rúa.

#### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e praxe  
o presidente